



O SERGAS DOTA DE ESTABILIDADE LABORAL A 156 PROFESIONAIS DA ÁREA SANITARIA DE VIGO

- *Ofertáronse nomeamentos de interinidade e longa duración a 25 profesionais de atención primaria e 131 de hospitalaria*
- *Con esta medida avánzase no obxectivo de reducir a taxa de eventualidade da organización e na aposta da sanidade viguesa pola estabilidade no emprego dos seus profesionais*

Vigo, 23 de xaneiro de 2023. A Área Sanitaria de Vigo continúa dotando de estabilidade laboral ao seu persoal, ofertando interinidades ou nomeamentos de longa duración a 156 profesionais das distintas categorías, tanto no ámbito da Atención Primaria (25) como da Atención hospitalaria (131). Así, ao longo deste mes de xaneiro estase formalizando a incorporación destes profesionais ás súas novas prazas.

Isto significa que 156 persoas anotadas nas bolsas de emprego (listas de selección de persoal estatutario temporal do Servizo Galego de Saúde), poden acceder a un dos nomeamentos de longa duración para traballar nos centros de saúde ou nos hospitais da área Sanitaria -co obxectivo da estabilidade do persoal eventual- ata a súa cobertura definitiva mediante convocatoria das ofertas públicas de emprego.



Esta medida supón un importante esforzo de planificación da Dirección de Recursos Humanos, na liña marcada polo SERGAS na procura de potenciar a estabilidade laboral do persoal temporal e, moi especialmente, mellorar a conciliación da vida persoal e profesional das persoas que fan posible que os centros sanitarios manteñan a súa actividade os 365 días do ano, cubrindo así as ausencias e permitindo o necesario descanso dos titulares.

Por categorías profesionais

Por categorías profesionais, establízanse en nomeamentos de longa duración 25 facultativos especialistas; 55 enfermeiras; 8 enfermeiras especialistas (1 especialista en familiar e comunitaria, 5 en pediatría e 2 en saúde mental); 4 matronas; 5 técnicos superiores (en imaxe para o diagnóstico e anatomía patolóxica); 38 TCAES (técnicos de cuidados auxiliares de enfermaría); 7 auxiliares administrativos; 8 celadores; 5 PSX (persoal de servizos xerais) e 1 do grupo de xestión da función administrativa.



Diferentes procesos para promover a estabilidade do persoal

Nos últimos tempos o Servizo Galego de Saúde está a desenvolver unha política de Recursos Humanos que ten como obxectivo priorizar a estabilidade do persoal a través da posta en marcha de distintas medidas.

Neste contexto, hai que recordar que hai unhas semanas a Área Sanitaria de Vigo incorporou como persoal fixo aos seus centros sanitarios a 246 profesionais, tras a resolución do concurso-oposición e concurso de traslados de determinadas categorías sanitarias, en concreto 167 facultativos especialistas e 79 técnicos sanitarios.

Así, a través dos distintos procesos, a Área de Vigo reduce de xeito moi significativo a taxa de eventualidade da organización en aras de dotar de maior estabilidade no emprego ao persoal das distintas categorías profesionais, favorecendo a conciliación laboral e familiar e mellorando tamén a continuidade asistencial.